



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Alejandro Tobar

[Ramón Nicolás](#) 15 marzo 2014

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/03/15/cuestionario-proust-alejandro-tobar/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

-Son polo xeral unha persoa constante.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A coherencia, que de seu implica moitas outras.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Afecto.

4.– A súa principal eiva?

-Talvez que ás veces perdo o tempo da maneira máis parva.

5.– A súa ocupación favorita?

-Todo o relacionado cos libros, con moita diferenza sobre o resto.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Non teño un ideal de felicidade. Irase vendo.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Supoño que a dor e a enfermidade na esfera íntima.

8.– Que lle gustaría ser?

-Estou contento co que son.

9.– En que país desexaría vivir?

-No que vivo, en Galicia. Pero se puidese nacer de novo e saber o que sei, a historia sería distinta: se cadra, Noruega.

10.– A súa cor favorita?

-Non teño unha cor favorita. As paredes das casas gústanme en branco.

11. – A flor que máis lle gusta?

-Sucedede que son alérxico ao pole.

12.– O paxaro que prefire?

-A pega, por exemplo.

13.– A súa devoción na prosa?

-A pluma de Thomas Mann na novela *A montaña máxica*.

14.– E na poesía?

-Moito me gustou no seu momento a poesía da vangarda histórica latinoamericana. Oliverio Girondo paréceme moi bo.

15.– Un libro?

-Volvo sobre *A montaña máxica* de Mann. Pero hai tantos!

16.– Un heroe de ficción?

-Encántame Sherlock Holmes e faime graza Philip Marlowe.

17.– Unha heroína?

-Khadula, a protagonista da novela *A asasina*.

18.– A súa música favorita?

-O mesmo Schubert ca Willie Colón. Agás á actual radio-fórmula, que me parece a todas luces un atraso cultural, a case todo lle atopo algo de bo.

19.– Na pintura?

-Non coñezo moito, pero poden chegar a gustarme moitos estilos distintos. Os murais de Lugrís parécenme de marca maior.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Heroes, non; valoro en todo caso determinadas facetas de xente moi diversa: Rosalía, Steinbeck, Ricardo Darín, Albert Pla, Turguéñief etc.

21.– O seu nome favorito?

-Tampouco non teño un nome favorito.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-Non me convence a xente que berra nin a que de natural é porca.

23.– O que máis odia?

-O nacionalismo español paréceme desprezable. Trátase por desgraza dun hábito moi común co que debemos lidar acotío. Odio non, pero desprezo xa digo que moito.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Os ditadores e os sátrapas. Pero tamén os Rockefeller e compañía.

25.– Un feito militar que admire?

-Sen querer restarlles valor a determinados acontecementos históricos, coido que feitos militares non admiro ningún.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Non sei cantar. E gustaríame.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Sen sufrimento.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Calmo e polo xeral aceptablemente positivo.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-O boísmo, que, non sendo unha boa doutrina, considero respectable.

30.– Un lema na súa vida?

-Non adoito rexerme por lemas.